



CERTIFICACIÓN

Rebeca Vázquez Vázquez, secretaria do Concello de Arzúa, **CERTIFICO** que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL en sesión extraordinaria celebrada o **día 4 de febreiro de 2019**
ACORDOU:

4.-APROBACIÓN EXPEDIENTES CONTRATACIÓN OBRAS POS 2017 E POS 2018

4.3.- Expediente n.º 2019/C003/000003

Contratación de Obras procedemento aberto simplificado Camiño do Viso a Quenlla (Arzúa) e outro

Visto expediente para contratación da obra subvencionada pola Excma Deputación Provincial de A Coruña no marco do POS 2018 Expediente Tedec: 2019/C003/000003 "CAMIÑO DO VISO A QUNELLA (ARZUA) E OUTRO POS 2018 ", por procedemento aberto simplificado.

Vistas Bases do reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+2018 da Deputación Provincial da Coruña , tendo en conta circular sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal de 3/10/2017 así como Circular de corrección do erro dos importes das achegas provincias de 7/11/2017 e Circular sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal de data 21/05/2018 do Servizo de xestión de plans da Deputación da Coruña con anexo no que se detalaln os obxectos solicitados por este concello que foron incluídos no POS2018.

Vistos acordo Plenario de datas 18/12/2017 aprobando este proxecto de obra.

Vista a Providencia da Alcaldía asinada en data 1/02/2019 interesando que se incoe procedemento para a licitación e adxudicación deste contrato por procedemento simplificado utilizando criterios de adxudicación valorables por xuízos de valor e criterios de adxudicación de apreciación automática .Á vista das características e do importe do contrato, proponse a licitación mediante procedemento aberto simplificado, de conformidade co previsto no art. 159 da LCSP.

Vista a necesaria utilización dos pregos tipo da Excma Deputación Provincial en concreto prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor



e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais , publicados no BOP de 30/05/2018, adaptados ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos de sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Visto na providencia a xustificación da necesidade deste concello de realizar esta contratación e a motivación da non adxudicación e licitación por lotes de conformidade co disposto no artigo 99 da LCSP .

Vistos informes de secretaría de data 1/2/2019 destacando do mesmo a referencia a informes técnicos que constan no expediente nos que se fundamenta a dispoñibilidade de terreos para execución das obras e acta de replanteo, así como informe de intervención da mesma data que respecto ao financiamento, se informa que no orzamento do 2019 (estando actualmente prorrogado orzamento do ano 2018) existe crédito na aplicación orzamentaria 1532.61901 para a cobertura do gasto correspondente. Fundamentada en ditos informes a competencia desta Alcaldía para aprobación deste expediente delegada na Xunta de goberno local por resolución da Alcaldía de data 8/7/2015.

Tendo en conta o contido de ditos informes e advertencias neles recollidas.

En consecuencia e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei de contratos do sector público 9/2017 de 8 de novembro, en uso das facultades delegadas por Alcaldía en materia de contratación nesta Xunta de goberno local esta Xunta por unanimidade de tódolos seus membros presentes nesta sesión **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación das obras 2019/C003/000003 cun orzamento de execucion por contrata de 40.607,87 euros (33.560,22 € sen iva , 7.047,65 € iva), redactado por D. Julio C. Rojo Martínez enxeñeiro de camiños colexiado n.º 3871. , por procedemento aberto simplificado .

SEGUNDO.- Aplicar os pregos tipo da Excmá Diputación Provincial en concreto prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras

CONCELLO DE ARZÚA



Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

obras provinciais , publicado no BOP de 30/05/2018 coas singularidades indicadas nos anexos destacando cuadro de características do contrato e en criterios de adjudicación para esta contratación .

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por importe de 40.607,87 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61901 do anexo de investimento do orzamento municipal para a anualidade 2018.

CUARTO.- Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público: <https://contrataciondelestado.es>, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

QUINTO.- En aplicación da disposición adicional segunda da LCSP 9/2017 de 8 de novembro aprobar a seguinte composición da Mesa de Contratación para esta contratación:

Presidenta:

A primeira Tenente de Alcalde : M^a Carmen Torreiro González

Suplente presidenta: O alcalde José Luis García López

Vogais:

1 A Secretaría do Concello, Rebeca Vázquez Vázquez

2 A Interventora do Concello, Olga Castro Fernández

3 O arquitecto técnico municipal ,Luis Fole Barrio

Secretaria:

A funcionaria interina, Marta Pérez Iglesias

Suplente secretaria : José Manuel Vázquez García

CONCELLO DE ARZÚA



Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Arzúa, mércores 6 de febreiro de 2019

A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez	O alcalde, José Luis García López
---	--------------------------------------